

O Casino

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Na asemblea do pasado 8 de xaneiro producíronse cambios na Xunta Directiva da Asociación, quedando así:

Presidente: José Luis Gómez Reboiro
 Vicepresidente: Eladio Ucha Vidal
 Secretaria: Montse Groba Represas
 Tesoureira: M^a Jesús Carballido Carballido
 Vocais: Eva Álvarez Pérez
 Olga Bargiela Bargiela
 Rubén Bargiela Rosas
 Manuel Giráldez Represas
 Belén Groba Represas

Deixaron a Directiva Ángel Bargiela, Alberto Bargiela, Noelia Boente, Óscar Giráldez e Inés Boente. A todos eles temos que agradecerlles sinceiramente o tempo e esforzo adicado ós traballos da Asociación Cultural, sempre a costa do seu propio tempo libre. Esperamos seguir contando coa súa experiencia e a súa colaboración nas actividades da Asociación Cultural.

Dentro da nova Directiva establecemos unha serie de áreas que van ser coordinadas por unha ou dúas persoas:

Bar: Eladio

Biblioteca: Lolo e Montse

Programación específica para rapaces e maiores: Belén e Eva

Enlace coas comisións de festas: Olga

Enlace co grupo de teatro: Montse

O Casino: José Luis

Se xurden máis áreas volo comunicaremos a través de *O Casino*.

Respecto o propio *O Casino*, a partir do próximo número imos incluír tres seccións fixas:

Colaboración literaria: intentaremos fomentar a vena literaria que levades dentro.

Recetas de Couso: ide preparando aquela receta da avoa para publicala no boletín.

Historias de Couso: para que a xente maior de Couso nos vaia contando, por medio de entrevistas dos nosos reporteiros e reporteiros, como vivían e se divertían antes e ir reconstruíndo a nosa historia do século XX.

Polo demais imos manter a mesma dinámica de elaborar unha programación trimestral, e unha asemblea tamén trimestral para debatir sobre a programación pasada e presentar a do seguinte trimestre.

Seguimos abertos a calquera idea e/ou participación que teñades a ven facernos chegar. Montse ofrecenos neste número un interesante artigo sobre o Entroido e a súa celebración en Couso.

Neste exemplar:

- | | |
|---|-------------------------------|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 4 | O Entroido (por Montse Groba) |
| 8 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

Domi ngo, 23 de xaneiro, ás 10' 00

Sendeirismo



Muíños de Couso e de Cans (uns 5-6 km; 2-2'30 horas)

Entroido



Elaboración de productos gastronómicos propios do Entroido e concurso de disfraces

Domi ngo, 6 de febreiro

Domi ngo, 13 de febreiro

Entroido de Guláns



Elaboración dunha comparsa para participar no Entroido de Guláns.

Sendeirismo



Sendeiro Histórico de Mos (17 km e 5-6 horas coas paradas)

Domi ngo, 20 de febreiro, 9' 00 horas

1º TRIMESTRE 2005

Punto de cruz/Arte Floral

Punto de cruz os luns

O curso de Arte Floral vai se reanudar próximamente

Domingo, 13 de marzo, ás 10' 00

Sendeirismo

Recorrido polos arredores de Couso (Veiga de Chans e límite cos montes de Xinzo) ou Sendeiro da Picaraña (6-7 km e 2-2'30 horas. No caso do sendeiro da Picaraña haberá que ir hasta alí en coche)

Festa do Pote

Celebración da xa tradicional Festa do Pote.

19 ou 20 de marzo

O ENTROIDO

Con motivo deste próximo festexo de antroido gustaríame escribir unhas liñas sobre algunhas das ideas que temos sobre este tipo de celebración.

Entroido e antroido son as dúas palabras galegas coas que se denomina a festa da risa e da burla de febreiro. A primeira utilízase máis no interior e no sur, mentres que a segunda está máis extendida polo norte e na costa. Existen outras variantes locais como "Entruido" e "Entrudo".


As voces galegas **Antroido**, **Entroido**, **Entruido**, **Entrudio**, ...derivan do latín "introitus", que significa introducción, facendo referencia a posterior coresma.

A palabra **Carnaval** procede da palabra italiana "Carnavale", e este a súa vez da expresión latina "carne levare", que significa algo así como "quita-la carne", en alusión ó seu acercamento a festa coresmal cristiá que se aveciña. Este termo xa existía no dicionario de Antonio Nebrija no S. XV..

Moitos autores sosteñen que a orixe deste festexo non está máis que en facer versións modernas e edulcoradas doutros ritos ancestrais comúns a todos os pobos salvases prehistóricos que estaban encamiñadas a favorecer o renacemento da vexetación e a fertilidade da terra, mulleres e gando coa chegada da primavera, así como a escenificación de diferentes ritos para a expulsión dos espíritos malignos e os nocivos demos.

Houbo un tempo no que ningunha aldea galega que se preciase deixaba de vivi-las súas entroidadas. Eran festas colectivas e populares que servían para abrir unha paréntese na monótona e dura vida diaria. Na Galicia rural dos nosos antergos, a chegada do entroido sinalaba a fin dun longo inverno e a chegada das sementeiros, ademais do comenzo da Coresma coas súas estricatas regras e sacrificios. O entroido permitíao todo, ridiculizábao todo...

Un concepto moi ligado a este tipo de festexos e o de **MÁSCARA**, que é considerado un elemento que cobre o rostro e confire ó seu portador outra personalidade, e é a esencia do carnaval. E xa foran utilizadas por todos os pobos primarios da terra, como símbolo en guerras, funerais, ritos, conxuros....



Calendario de antroido:

O Entroido redúcese hoxe ó Domingo, Luns e Martes de Carnaval. Corenta días antes do Domingo de Ramos é o Mércores de Cinsa e os tres días anteriores son o Domingo, Luns e Martes de Entroido.


No **Mércores de Cinsa**, o que se fai é o **Enterro da Sardina**, que consiste nunha parodia dun enterro normal polo rito cristián, no que o defunto é unha sardina. O enterro, que remata coa queima da sardina, é todo un cerimonial de queixas porque se vai a alegría do Carnaval. Non falta ningún ingrediente dun enterro ordinario: curas, viuva, amigos, sacristáns, choronas, portaestandartes e acompañantes en xeral.

Pero este calendario non sempre foi así. Diciase que antigamente o carnaval comprendía dúas semanas e media: Domingo Fareleiro, Xoves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xovés de Comadres, e Domingo, Luns e Martes de Antroido.

O calendario de antroido máis longo de Galicia é o de Xinzo de Limia (o sur da provincia de Ourense) co : Domingo Fareleiro, Domingo Oleiro, Domingo Corredoiro, Domingo, Luns e Martes de Antroido e Domingo de Piñata.

Segundo a provincia a que fagamos referencia, teremos un tipo de celebracións ou outras.

(VÉXASE MURAL NO TABLÓN DA CULTURAL).



RECEITARIO:

Neste tempo de festexos sempre houbo unha serie de receitas típicas, que estaban presentes nas mesas...entre elas están:

❶ Filloas:

Prepárase unha pasta líquida con leite, fariña, ovos e engádeselle un pouco de auga e sal, e despois fritense nunha tixola o máis finas posibles. Éspolvoréxanse con azucre e despois se se quere rechéanse con marmelada, mel, améndoas, nata, chocolate....

❷ Orellas de antroído:

Prepárase unha pasta que leva fariña, leite, auga, sal, ovo, manteiga de vaca e unha ou dúas copañas de anís. Amásase todo e exténdese nunha superficie plana, e vanse cortando anacos do tamaño duna man. Logo fritense na sartén con aceite moi quente, e a medida que se van sacando espolvoréxanse con azucre glass.

❸ Flores de antroído:

Bátense ovos con fariña. Ponse ó lume leite con canela e cando está morno, pouco a pouco, bótase a mestura anterior. Debe quedar unha mestura cremosa moi lixeira. Ponse a fritir nun molde e espolvoréxase de azucre.

❹ Botelo ou androla:

O botelo debe estar curado un tempo. Pícase osos da soá, osos de costelas con carne incluída. Adóbase con pementón, pementa, allo e loureiro. Nalgunhas aldeas engádenselle cebola. Con todo isto énchese o intestino goso do porco. Cócese e sérvese quente con patacas e grelos...

❺ Lacón con grelos:

Cócese un bo lacón, seis chourizos, outras tantas patacas, e dous ou tres mollos de grelos frescos e con isto sáenos un "alimento básico invernal".

❻ Cachucha de antroído:

Cócese nunha pota lentamente, e engádeselle logo patacas e grelos e ó último uns chourizos.

❼ Cocido galego.....

Era tradición tamén en trance de desaparición a preparación do pan de millo ó chegalo entroído, así como cocer o bolo....



O ENTROIDO EN COUSO:

Pero a parte de todo isto que nos dín os libros tamén están as palabras de algúns dos nosos vecinos que foron quen de me relatar parte das súas vivencias con respecto ó Entroído nos seus tempos. Algúns vecinos cos que falei foron Manuel Carballido, Nieves Carballido, Anuncia Alonso, Nemesio Carballido, Modesta, Nélica, Enriqueta, Saladina, S^or Alberto, Herminia, Eusebio.....

Para todos eles , antes de máis nada, un cariñoso agradecemento por me atenderen e colaborar tan gustosamente.

Destas palabras podo sacar algunhas pinceladas do que era aquel festexo no noso pobo .Por un lado, dicir que os principias días de antroido, no que se disfrazaban era o Domingo e o Martes de Entroido.

Máis ou menos todos coincidiron en dicir que se disfrazaban en pequenos grupos ou por parexas, ben dúas mulleres, ou dous homes, ou mezclados... entre os que máis recordan que se disfrazasen estaban: Eusebio, Manolo Carballido, Emilia e Nelida (parexa), Modesta e a finada Milagros (parexa), Fernando e Ernesto (parexa), os finados Maximino e Heliodoro, Celia, Celina.....

Disfrazábanse na maioría dos casos con roupas vellas dos seus pais ou avós, aquelas roupas que non eran moi coñecidas para que non os recoñecesen, aínda que tamén había casos nos que se vestían con roupas moi boas e xeitosas (traxes de Cuba, Venezuela.....)

Solían disfrazarse moito as mulleres de home e os homes de mulleres. E para tapar a cara utilizaban caretas de cartón, nalgúns casos mercadas e noutros feitas con cartóns na casa e pintadas con farrusco.

Para disfrazarse ían facelo a casas que normalmente non estivesen habitadas.

Logo consistía en ir polas casas facendo bromas, asustando un pouco á xente meténdose incluso nas tarefas que estaban a facer as xentes nas súas casas, intentando que non os recoñecesen,.....

Ó rematar o percorrido, xuntábanse ou ben na festa da pandereta , na que un grupo de persoas do pobo solían tocar....entre eles recordan ós finados Nicanor, Julio, Consuelo do Curral.... ou ben a carón dun gaiteiro cando o traían, e todo isto en lugares como a casa do finado Generoso do Curral, na actual casa de Anuncia, no Eido do Regiño de Emilia.....ou noutros momentos xuntábanse diante da tenda de Enriqueta e coa música dun tocadiscos facían unha especie de baile.

Algunha persoa incluso me comentou que cando viñan as máscaras tirábanlle cintas de papeis de cores e flores de papel.

Con respecto a **receitas especiais** neste festexo faláronme todos máis ou menos :

- ☉ Da cacheira do domingo de antroido.
- ☉ Do bandullo de porco, que se enchía cunha masa de ovos, pan trigo, azucre, prebes... e unha vez cheo cosíase e cocíase nunha pota, algunhas veces dentro duna bolsa de tela para que non reventase. Utilizábase como un sabroso postre.
- ☉ A tortilla de martes de carnaval, de ovos sólos, da gordura de catro dedos. Algunha xente botáballe tamén algunhas lascas de touciño.

ANÉCDOTAS:

Algunhas anécdotas que puiden escoitar destes nosos vecinos foron:

Por un lado contábame **Modesta**, que ela e a finada Milagros tiñan a costume de disfrazarse xuntas e que solían facelo, unha de home e outra de muller. Unha vez vivindo Nieves aínda na casa da Quinteira, estaba batindo uns ovos e tíñaos enriba da artesa, entón chegaron Modesta e a finada Milagros disfrazadas e empezaron a batuxarlle os ovos a Nieves. Ela estaba algo asustada porque non as daba coñecido e como dice Modesta” o que quería era que lle saliramos de diante”.....

Outra anécdota contábame **Saladina** e diciame que ela estaba sentada á veira do lume con súa nai e que estaban a comer uns ovos cocidos cando de repente entra pola porta un mascarello e agarra polo brazo a Saladina e leva para a sala e alí ábrelle o caixón onde gardaban os aforriños. Todos moi asustados dicianlle a Saladina ; agora si que a fixeches Antolina!... pero o mascarello vendo que todos se ponían moi nerviosos e asustados decidiu dicir quen era . E ¿quen era?... pois nin máis nin menos que o Eusebio.... e entón todos respiraron tranquilos.

Pero se cadra a anécdota que máis gracia me fixo foi a que me contou o S^or Alberto e que trataba de que o finado Manuel Groba Carballido, pai do finado tamén Eugenio Groba Carballido, tiña moitas ganas duna tortilla de bastantes ovos, pero seica as mulleres eranche algo agarradas e non lle deixaban facela.

Pero o finado Manuel ¿qué fixo?... como tiñan un gran "rabaño" de galiñas, como dixo o S^or Alberto, cada vez que lle ía sacar os ovos, escondía un para él, e así foi xuntando ata cegar a docena e media. Entón dixo él: agora xa teño para facer a tortilla. Esperou a que a filla (finada Aurora) e a muller(finada Rosa) marcharan unha mañán a Ponteareas e púxose man á obra. Fixo unha tortilla de docena e media de ovos e por si era pouco botoulle unhas lascas do touciño máis gordo que tiñan.

O finado Manuel comeu, comeu, comeu..... hasta non poder máis, pero non foi quen de dar terminado a tortilla. Entón chamou polo tamén finado Xosé da Coella e este tamén comeu, comeu.... pero nada, non foi quen de terminalala, entón o finado Manuel chamou polo seu gato "Piñoto", e este fartouse de comer tortilla, pero tampouco a teurminou... e non lle quedou máis remedio ó Manuel que enterrar o que sobrou se non quería que se lle enterase a muller.....

E para rematar xa e non aburriros máis con esta miña latriqueirada so facer unha reflexión, facendo referencia a que nos tamén vivimos a nosa época de entroido desta maneira, xuntándonos por grupos, rapaces con rapazas, rapaces sólos, raparigas sólas.... busacabamos roupas que non eran demasiado coñecidas ou recordadas.... e nunha casa que estívese máis ou menos sen habitar, vestiámonos. Nos engadímoslle a costume de poñer a man, haber si caía algo, e algo sempre caía. Recorriamos as casas facendo bromas e intentando que non nos coñecesen e ó final do traxecto xuntabamos o que quitaramos e iamos a tenda de Enriqueta a mercar lambetadas para facer unha merendola, ou ben na Cancela do Curral, no Casucho, ou ben no Casino.....

¡FELIZ

 ENTROIDO!

Esperando que fose do seu agrado, e sabendo que quedan moitas cousas que dicir, despídome ata outra.

Montse Groba

BIBLIOGRAFÍA:

- ▣ Arce Caldas, Olimpio. **O entroido no Ulla.** Dep. Prov. Pontevedra. 1995. Vigo.
- ▣ Banco Pastor. **Todas las fiestas, la fiesta,** Galicia. 1989. Madrid.
- ▣ Calvo, Federico. **O carnaval en Galicia.** Xerais. 1990. Vigo.
- ▣ Mariño Ferro, Xosé Ramón. **O entroido ou os praceres da carne.** Ed. Do Castro. 2000. Coruña.



Actividades realizadas

Sábado, 4 de decembro: Limpeza e decoración do local. Moi pouca participación, só 5 persoas.


Domingo, 2 de xaneiro, 17'00 h: Festival de Nadal. Gracias á participación e interés posto polos máis lanzados dos nosos socios, tivemos a ocasión de disfrutar dun festival con obras de teatro, cancións, noticieiros, etc. Coa actuación en directo do dúo Pimpinela e o coro de M^a Isabel e o seu "Antes muerta que sencilla". Houbo sorteo de cesta.

Venres, 31 de decembro, a partir das 12 da noite: Chocolateada para os que saíron de noctámbulos.

Sábado, 1 de xaneiro, ás 16'00h: Proxección dunha película de recente éxito comercial, con boa asistencia de público.

Xoves, 6 de xaneiro, ás 17'00 horas: Bingo con produtos variados de premio. Cantáronse liñas, bingos e ata cancións.

Sábado, 8 de xaneiro, ás 18'00 horas: Asemblea anual de socios, con renovación da Directiva. Como levamos un ano de retraso no pago das cotas de socio, cobrouse o ano 2004 e acordouse pagar en xuño as cotas do 2005 e en xaneiro de 2006 as do 2006, xa por adiantado.



PARTICIPADE:

Para facerse socios só hai que poñerse en contacto con algún membro da Directiva da Asoc. Cultural.

Podedes achegar tódalas vosas colaboracións e deixalas no buzón da Casa Cultural ou darllas a calquera membro de Directiva